



**ADDENDA PARA PRORROGAR AS ACTUACIÓNS DERIVADAS DA SINATURA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A EXCMA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE MANTEMENTO, REPARACIÓN E CONSERVACIÓN NOS CAMPOS DE FÚTBOL DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO**

En Vigo, 7 de novembro de 2016

**REUNIDOS**

Dunha parte, Don Abel Caballero Álvarez, Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, na representación do Concello de Vigo que lle atribúe o artigo 124.4.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Doutra parte, Dona María del Carmen Silva Rego, na súa condición de Presidenta da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúen o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

E actuando Dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Concello de Vigo, e Don Carlos Cuadrado Romay en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

As partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, representación e a capacidade legal necesaria para subscribir a presente addenda ó convenio de colaboración e, con tal fin

**EXPOÑEN**

I.- Que con data de 08/07/2015 foi asinado o Convenio de Colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e a Excma. Deputación de Pontevedra para a



realización de obras de mantemento, reparación e conservación nos campos de fútbol do termo municipal de Vigo.

II.- Que o convenio segundo o seu pacto 1º ten por obxecto a realización de obras de mantemento e actualización dos campos de fútbol do termo municipal de Vigo, incluídos no Anexo I do convenio.

III.- Que en data 17/12/2015, de acordo coa proposta da comisión paritaria mixta, a Xunta de Goberno da Deputación aproba unha primeira Addenda ó convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e a Excm. Deputación de Pontevedra para a realización de obras de mantemento, reparación e conservación nos campos de fútbol do termo municipal. Esta primeira Addenda contempla a inclusión de novas actuacións non previstas inicialmente no Anexo I do convenio e estende a súa vixencia ata o 31/10/2016.

IV.- Comprobado o estado actual da execución das actuacións previstas no anexo I do convenio, segundo a redacción dada na primeira Addenda, e da imposibilidade de execución das obras previstas nos prazos estipulados, estímase convinte unha ampliación no prazo de vixencia ata 30/06/2017.

V.- Que o pacto 8º do convenio estipula que as modificacións que se fagan, sempre dentro do importe definitivo, deberán dar lugar a tramitación de addendas ó convenio.

VI.- Por todo o anteriormente exposto, ambas as partes manifestan expresamente o seu desexo de asinar unha nova addenda ó convenio de colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia para dar continuidade ás actuacións iniciadas, co seguinte

**PACTO**

**UNICO.-**

As partes, co obxecto dar continuidade ás actuacións iniciadas, acordan estender a vixencia do “*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A EXCMA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE MANTEMENTO, REPARACIÓN E CONSERVACIÓN NOS CAMPOS DE FÚTBOL DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO*”, ata o remate das actuacións que se recollen no Anexo I do mesmo, sen exceder en todo caso a data de 30 de xuño de 2017. A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.

As partes comprométense a realizar os axustes orzamentarios necesarios para manter os compromisos económicos establecidos no convenio, en relación ó novo período de vixencia.

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda e a un só efecto no lugar e data sinalados no seu encabezamento.

O Alcalde-Presidente do Concello de  
Vigo



Asdo.: Abel Caballero Alvarez

A Secretaria do Concello de Vigo

Asdo.: M<sup>a</sup> Concepción Campos Acuña

A Presidenta da Deputación de  
Pontevedra

Asdo.: María del Carmen Silva Rego

O Secretario Xeral da Deputación de  
Pontevedra



Asdo.: Carlos Cuadrado Romay